

PLAN DE CONVIVENCIA CEIP DE SESTELO BAIÓN

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 12 – 06 - 2018

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 12 - 06 - 2018

DATA 1ª REVISIÓN: 22 – 01 - 2019

DATA 2ª REVISIÓN:

REVISIÓN Nº :
DATA:
22 – 01 - 2019

Contenido

PLAN DE CONVIVENCIA	3
DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	3
SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA.....	3
FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	4
COMPOSICIÓN.....	4
PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS	4
FUNCÍONS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	5
PLAN DE ACTUACIÓN	5
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.....	6
ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA: MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	7
MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	7
ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	8
ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.	22
PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR.	33
PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO.	35
PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA.	42
PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO.....	44
PROTOCOLO DE ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA.....	49
ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	49
NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	50
ESTABLECEMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.	57

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.....	69
ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	69
ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA DESENVOLVER O PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.....	70
MECANISMOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	71
ASPECTOS SALIENTABLES DO INFORME REALIZADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	73
CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL DE CONVIVENCIA DO CENTRO	74

DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Unha das principais preocupacións que viven actualmente moitos centros educativos é a falta dun clima de convivencia mínimo que se require para o desenvolvemento das actividades educativas.

Cada día son máis frecuentes as faltas de respecto, a transgresión de normas, indisciplina, agresións, rifas, insultos, roturas de mobiliario.... Estes comportamentos non só prexudican a aprendizaxe, senón tamén a convivencia, chegando en ocasións a derivar en manifestacións violentas, ata dentro do contexto escolar.

Esta situación non ten a súa orixe en moitos casos no ámbito escolar, pero afloran na escola.

Tendo isto en conta, hai que pensar que esa alteración da convivencia pode xerarse no propio alumno (personalidade) ou no centro (falta de motivación, falta de comunicación e normas claras), poden ser no ámbito escolar ou poden ser provocadas por problemas familiares e sociais: a descomposición e desestabilización da familia, unha preocupante e crecente crise de valores, o incremento da influencia negativa dos medios de comunicación, comportamentos intolerantes, tendencias marcadas polo consumismo, secuelas asociadas ao desemprego ou a drogadicción. Na actualidade o contorno escolar é máis diversificado e heteroxéneo, por iso máis complexo e conflitivo. Tendo isto en conta, as solucións que se busquen deben afectar, non só ao colexio, senón ao propio alumno, á familia e á sociedade.

SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA.

A escola ten por obxectivo educar, e facelo non só desde o coñecemento das áreas que imparte, senón da concepción dunha sociedade que está en continuo cambio e demanda nos seus membros unha educación máis profunda e integral que lles capacita para saber vivir.

Debemos asumir o papel de transmitir ao educando todas as habilidades e ferramentas que pode necesitar para adaptarse aos cambios impostos pola

sociedade e polos tempos. Hoxe ninguén dubida que os nenos, non só necesitan saber senón, que teñen que adquirir unha capacidade que lles permita discernir, distinguir, tomar decisións, e actuar de forma crítica.

En xeral no noso centro o clima de convivencia é bo, non se observan serios problemas. Puntualmente poden darse os conflitos propios da idade. Todos eles resólvense fundamentalmente co diálogo, medidas disciplinarias establecidas polo centro e nas ocasións que así o requiren medidas máis específicas.

Algunhas das conductas máis habituais entre o alumnado son: chegar tarde a clase, desordenar o pupitre e o mobiliario, emitir ruídos ou berros nos corredores, non traer feitos os deberes, falta de interese e pasividade cara as tarefas, non traer o material escolar preciso, falar o levantarse do sitio sen permiso, faltarlle ao respecto a algún compañeiro/a ou tirar lixo polo patio.

FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

COMPOSICIÓN

A comisión de convivencia estará composta por:

- O director (Miguel Ángel Janza Martínez) como **presidente**.
- **Representantes do profesorado**: Paula Otero Vázquez (secretaria), Alicia Ferreirós Maneiro e M^a Esperanza Doval Lago.
- **Representantes de nais e pais**: Silvia Rodríguez del Oro, M^a Yolanda Martínez Vázquez e Enrique Torre Barbeito.

PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS

Manterase tres reunións anuais de carácter común, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, a iniciativa propia ou a proposta de, ao menos, unha terceira parte dos seus membros.

FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e aportacións no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, ao menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñer, no seu caso, a persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos da convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na que se reflexen as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e o correspondente servizo territorial de inspección educativa.

PLAN DE ACTUACIÓN

- a) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.
- b) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.
- c) Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de

convivencia.

- d) Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar.
- e) Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- f) Plan de actuación para a igualdade nos centro.
- g) Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- h) Medias que se poidan aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir.
- i) Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e cultura de paz.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

- Analizar a situación actual da convivencia no noso centro.
- Determinar os tipos ou categorías de comportamento antisocial nas aulas.
- Diseñar medidas preventivas e respostas contextualizadas a cada un dos problemas significativos que xurdan no Centro.
- Medir a efectividade das accións emprendidas e o grao de cumprimento dos seus obxectivos.
- Ambiente de traballo: Dentro do marco da convivencia tamén hai que ter en conta as relacións entre profesionais do centro (profesores, membros do PAS, membros do E. Directivo), xa que, dalgún xeito poden determinar a acción educadora que se desenvolve no propio centro.
- Manter un bo clima entre os diferentes profesionais do centro é imprescindible para un rendemento óptimo do sistema; por iso será o equipo directivo quen coide deste ambiente, detecte e interveña nas

posibles relacións de conflito, sendo o último responsable o director do centro.

- Promover a integración, a aceptación social de todo o alumnado especialmente daqueles alumnos con necesidades educativas especiais e cun nivel de baixa autoestima.
- Dar a coñecer dun xeito explícito, como medida preventiva, o coñecemento por parte da comunidade educativa dos seus dereitos e deberes.
- Favorecer a detección, tratamento e seguimento da resolución pacífica de conflitos, así como o desenvolvemento de habilidades sociais e de comunicación asertiva.
- Implicar a todos os membros da comunidade educativa na difusión e seguimento deste plan.
- Fomentar a existencia de actividades que potencien o cooperativismo.
- Desenvolver estratexias para diminuír as condutas disruptivas na aula.
- Facer ver ao alumnado as consecuencias positivas ou negativas do seu comportamento.
- Organizar apoio específico para aqueles alumnos que presenten actitudes ou comportamentos que dificulten a convivencia no centro ou aula, tentando ensinalles modos axeitados de relación e amizade.
- Promover a relación de igualdade entre mulleres e homes.
- Realizar o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA: MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS

MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

- Concienciación entre toda a comunidade educativa sobre a

adquisición de hábitos de convivencia democrática, de respecto mutuo e de participación responsable no centro.

- Implicación máxima do Departamento de Orientación, o Equipo Directivo e o Equipo de mestres.
- Realización de accións formativas e actuacións repetidas durante a etapa educativa dos destinatarios que permitan desenvolver habilidades que se poidan adestrar e mellorar ao longo da vida dos individuos.
- Establecer o marco de coordinación, deseño e desenvolvemento de actuacións (prevención, mediación e resolución do conflito) que favorezan a mellora da convivencia e o clima escolar como factor de calidade na educación.
- No marco da innovación educativa, fomentar o traballo cooperativo.

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS

Coa finalidade de desenvolver estratexias para a prevención dos problemas de convivencia fomentárase:

- Formular estratexias para a detección temperá de situacións que poidan desencadear conflitos
- Tratar a prevención como unha responsabilidade de todas as partes da comunidade educativa.
- Xeneralizar a interiorización da importancia das normas para organización social.
- Promover a participación do alumnado e das familias na revisión das nosas normas.

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS RESPONSABLES	E
Para o alumnado			
Adquisición de libros que traten a igualdade de xénero	AO LONGO DO CURSO	<i>Titores</i> <i>Departamento de biblioteca</i>	<i>e de</i>
Actividades de acollida ao alumnado novo, así como nos cambios de etapa: -Período de adaptación en 3 anos. -Normas de funcionamento da clase. -Presentación de horarios.	SETEMBRO	Período de adaptación dos alumnos de 3 anos cun plan estruturado. Horarios de clase. Plan de Convivencia. <i>Titores/as</i>	
Integración de novo alumnado no grupo (repetidores, alumnos de novo ingreso...)	SETEMBRO	Xogos de presentación, afeccións. <i>Titores/as</i>	<i>de</i>
Solicitude de intervención ou asesoramento do Departamento de Orientación.	AO LONGO DO CURSO, especialmente ao inicio de curso	Modelo de solicitude <i>Titores/as e PT/AL</i>	
Recollida de información sobre temas de interese para os alumnos, e posibilidade de realización dalgunha das súas propostas.	AO LONGO DO CURSO	Asembleas de clase. <i>Titores/as</i>	
Titorías grupais da clase proporcionando actividades para desenvolver nas titorías de centro enfocadas á mellora das habilidades sociais.	AO LONGO DO CURSO	Técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e autoestima... <i>Titores/as</i>	
Conmemoración día da Paz	XANEIRO	Actividades de concienciación e empatía <i>Todo o profesorado</i>	<i>de e</i>
Talleres de igualdade entre o home e a muller	AO LONGO DO CURSO	Talleres nos que se mostre e poña en práctica a evidencia da igualdade en ambos xéneros <i>Todo o profesorado</i>	
Para o profesorado			
Transmisión de información a todo o profesorado do grupo,	AO LONGO DO CURSO	Reunións. Xuntanzas trimestrais. Xuntanzas de cambio	

recollendo as opinións e propostas dos mesmos.		de ciclo <i>Claustro, CCP, Comisións</i>
Coordinación de actividades que fomenten a convivencia	AO LONGO DO CURSO	Celebracións, excursións, obradoiros.... Plan de convivencia <i>Claustro</i>
Desenvolvemento dunha autoestima positiva	AO LONGO DO CURSO	Elaboración de actividades, xogos cooperativos para tal fin. Plan de convivencia <i>Profesorado</i>
Actividades para desenvolver a mellora das habilidades sociais.	AO LONGO DO CURSO	<i>Claustro</i>
Para as familias		
Xornada de portas abertas	FEBREIRO	Visita guiada polo centro amosando os espazos, recursos e funcionamento xeral do centro. <i>ANPA e equipo directivo</i>
Xuntanza xeral de inicio de curso coas familias.	SETEMBRO OUTUBRO	Guión xeral para a xuntanza, elaborado polo equipo directivo contando co Claustro. Información Plan de convivencia e NOF. <i>Equipo directivo/ Titores/as</i>
Entrevistas persoais individuais. Información periódica sobre a conduta e rendemento académico dos seus fillos.	AO LONGO DO CURSO (no horario de atención a pais, previa cita)	Rexistro de entrevistas <i>Claustro</i>
Solicitud de colaboración e participación nas actividades organizadas.	AO LONGO DO CURSO	Notas Abalar Móbil. Axenda <i>Equipo directivo / profesorado</i>
Información sobre normas de conduta que favorecen a adquisición de hábitos e técnicas de estudo.	AO LONGO DO CURSO	Xuntanza xeral de inicio de curso. Plan de convivencia. <i>Equipo directivo e titores</i>

➤ **Actividades de plan de acollida, baseadas nas seguintes actuacións:**

- **Xornadas de portas abertas** para todo o alumnado de nova incorporación, que incluírán visita do centro e actividades lúdicas que favorezan a relación e a convivencia entre os alumnos.
- Distribución de **folletos coas normas e programas educativos** do centro entre as familias.
- Actividades grupais na aula que favorezan a **integración do alumnado** repetidor no grupo ou ao alumnado de nova incorporación. Empregaranse as dinámicas de aprendizaxe cooperativo que axudarán a mellorar a cohesión de grupo. Así mesmo, durante as primeiras semanas poderase levar a cabo a técnica do círculo de amigos.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE
Establecer o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e coñecer o centro. Traslado de información ao profesorado que atenda ao alumno/a. Apoio, dúbidas e colaboración en cuestións sociofamiliares.	<i>Equipo Directivo</i>
Asesoramento sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico	<i>PT/AL</i>
<i>Coa familia:</i> Solicitar a información necesaria sobre o/a alumno/a. Facilitar a información que se precise. Establecer pautas para un contacto constante e frecuente co centro.	<i>Titor/a</i>
<i>Co resto do profesorado:</i> Traslado de información	<i>Titor/a</i>
<i>Co alumno/a:</i> Recibilo/a. Aceptar o proceso coñecido como “etapa silenciosa” pola que pasan moitos alumnos ao verse inmersos neste proceso. Realizar a avaliación inicial. Determinar o seu nivel de competencia lingüística no caso de alumnado procedente do estranxeiro ou doutra comunidade autónoma. Servir de enlace co profesorado e cos/as compañeiros/as. Amosar o centro, normas, pautas de comportamento, de	<i>Titor/a</i>

<p>traballo. Facer participar activamente ao alumno/a en aqueles aspectos nos que sexa competente. Adaptar a resposta educativa ás necesidades do alumno, solicitando a colaboración necesaria.</p>	
<p><i>Co grupo:</i> Informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comece o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, das posibles pautas culturais diferentes das nosas, explicándoas no seu contexto. Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva. Seguimento do proceso de integración (detección de dificultades/ tarefas de corrección) Abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse.</p>	<i>Titor/a</i>
<p>Proporcionar un trato afectuoso. Aportar información ao titor/a. Explicación de pautas e normas da materia.</p>	<i>Profesorado</i>

➤ **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero:**

- Traballo e celebración da **conmemoración do día contra a violencia de xénero**, con diferentes actividades adaptadas ás idades dos/as alumnos/as (vídeos sobre igualdade, contos, murais...).
- Realización de **traballo de indagación e reflexión** sobre a igualdade na sociedade actual (análise de catálogos de xoguetes, anuncios publicitarios...).
- Realizaranse **talleres** coa colaboración da comunidade educativa para **traballar a igualdade entre homes e mulleres** evitando estereotipos sexistas e fomentando o espírito emprendedor, a creatividade, a iniciativa, o traballo cooperativo e a mellora da convivencia.
- **Adquisición de libros** relacionados coa temática para o profesorado, o alumnado e ás familias.

- Dramatizacións.
- Realización de obradoiros onde avoas e avós mostren ou ensinen oficios artesanís, habilidades nalgunha actividade, contacontos... tendo en conta o proxecto transversal de centro.

➤ **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social:**

- **Conmemoración do día da paz**, na que se realizará unha convivencia cos outros centros educativos de Vilanova de Arousa, e traballaranse valores relacionados coa tolerancia, o respecto...
- Realización de **traballos de indagación e reflexión** sobre a igualdade na sociedade actual.
- Desenvolvemento de actividades na aula que favorezan a **adquisición de valores**.

➤ **Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo-sexual.**

Como elementos que nos axudarán a determinar substancialmente o proceso de convivencia no centro contaremos coa organización da aula, as estratexias de comunicación, o axuste curricular, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utilice no desempeño das súas tarefas. Estas medidas serán un referente metodolóxico unificado para todo o profesorado, co fin de evitar mensaxes contraditorias:

- Establecer un reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado.
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.

- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañerismo.
- Establecer normas claras de funcionamento na aula.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.

➤ ***Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo***

Este programa vai dirixido a todo o alumnado do noso centro e pretende incidir en mellorar aspectos da convivencia escolar que se observan na actualidade, como son: insultos, pelexas no patio, nenos illados no patio, falta de empatía, saber escoitar, habilidades de comunicación, asertividade, incapacidade de expresar sentimentos e frustración.

Os obxectivos deste programa son:

- Desenvolver no alumnado condutas de interacción básicas no seu contexto social cotiá.
- Mellorar o autoconcepto do alumnado.
- Desenvolver no alumnado condutas que lle permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de xeito asertivo.
- Axudar ao alumnado na mellora da súa competencia social e especialmente ao que presenta problemas de adaptación, relación, etc...
- Que o alumnado adquira a capacidade de reflexionar criticamente sobre as súas condutas e unha actitude positiva ante os conflitos e problemas persoais e grupais; facéndose protagonista da súa aprendizaxe e responsable nas súas eleccións.
- Axudar ao profesorado na mellora do clima de convivencia na aula e no centro.

Os contidos deste programa son:

- Autocoñecemento emocional.
- Autoestima.
- Autoconfianza.
- Empatía.
- Asertividade.
- Comunicación.
- escoita activa.
- Pautas de relación.
- Resolución de conflitos.

A metodoloxía xeral que se propón para acadar as habilidades sociais basearase nas seguintes técnicas:

- **Instrución:** presentación e identificación da conduta que vai ser obxecto de aprendizaxe por parte do mestre/a. Unha vez que se comprobou que o alumnado entende a conduta a tratar é útil discutir entre todos as razóns polas que é bo amosar este tipo de habilidade ou conduta.
- **Modelado:** é esencial para toda aprendizaxe social. Por modelado aprenden habilidades sociais a maioría das persoas. O mestre/a e/ou o alumnado socialmente competentes modelan un exemplo de actividade, mentres que o resto do alumnado observan a execución do modelo. Pode realizarse tanto en situacións simuladas (gravadas en vídeo) como en vivo, en situacións naturais. O modelo debe pensar en voz alta mentres executa os pasos condutuais, para que o alumnado observe o proceso cognitivo que acompaña á actuación concreta.
- **Ensaio condutual. Role-playing. Dramatizacións:** consiste en que o alumnado execute o compoñente dunha interacción práctica a través de verbalización de exemplos ou a través de interaccións

simuladas (Role-playing, dramatizacións. A interpretación é o momento central no programa de adestramento en habilidades sociais. Hai que motivar ao alumnado para que o faga con entusiasmo e para que goce ao facelo.

- **Crítica:** despois de que o alumnado represente unha habilidade faise unha crítica construtiva. Primeiro, preguntando a todo o grupo, recordándolles que non se fixen só no negativo, senón tamén nos acertos, no que lles gustou. Logo, pregúntase ao protagonista para que faga unha autocrítica.
- **Reforzamento do mestre/a. Retroalimentación ou feedback:** o reforzamento consisten en dicir ou facer algo agradable ao alumnado logo dunha boa execución. Na retroalimentación ou feedback, o mestre/a informará ao alumnado do que fixeron ben citando exemplos do emprego axeitado. Canto máis detallado e específico sexa, máis probable será que o alumnado mellore a súa execución. O mestre/a debe procurar que o feedback sexa un reforzamento positivo dos aspectos valiosos manifestados polo alumnado. Debe centrarse en algo que fixeran ben, aínda que só sexa terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil. Non obstante, a continuación deberá pasar a comentar o que fai que esa conduta siga sendo aínda deficiente. Rematará sempre con algunha frase que anime a seguir traballando na mellora desa habilidade.
- **Transferencia.** Non existe aprendizaxe se non existe transferencia desa conduta no tempo a outros contextos e situacións. Así, o alumnado practicará a habilidade aprendida en situacións distintas. Un procedemento é presentar ao alumnado situacións de práctica, novas e diferentes. A través da observación, o mestre/a estará en condicións de saber se o alumnado é quen de aplicar as novas habilidades situacións diversas.

ACTIVIDADE	CONTIDO
COMO ME SINTO?	Autocoñecemento Emocional
XA SEI, XA PODO FACELO!	Autocoñecemento Emocional
PIDO PERMISO	Pautas de relación
AXUDÁMONOS!	Pedir/Prestar axuda
APRENDO A ESCOITAR	Escoita Activa
EVITAR AGRESIÓNS VERBAIS E FÍSICAS	Pautas de relación Resolución de conflitos
ALÉGROME QUE ESTEAS...	Autoestima
FELICÍTOTE AMIGO/A	Autoconfianza
INICIAR UNHA RELACIÓN. UNIRSE AO XOGO CON OUTROS	Pautas de relación
INICIAR, MANTER E FINALIZAR CONVERSAS	Pautas de relación
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS	Pautas de relación Resolución de conflitos
ESCOITA ACTIVA?	Escoita Activa
CON TODO LUXO DE DETALLES	Escoita Activa
DITAR UN DEBUXO	Comunicación
ACENTUAR O POSITIVO	Autoestima
AS 3R	Empatía
EXPRESANDO CRÍTICAS DE FORMA AXEITADA	Asertividade

- Programa de cada curso seguirá as actuacións concretas marcadas no programa de habilidades sociais existentes no Proxecto Educativo de centro.

➤ **Regulación da mediación escolar**

O Servizo de Mediación Escolar funciona no noso centro desde o curso escolar 2019 /2020, como unha ferramenta que axuda á mellora da convivencia escolar.

A mediación é unha forma de resolver pequenos conflitos falando. Os mediadores e mediadoras axudan a que nenos e nenas que tiveron un conflito o poidan solucionar por eles mesmos.

Os **7 principios da mediación** son:

1. Non á violencia como forma de solucionar os conflitos.
2. Non nos quedamos indiferentes cando unha compañeira ou compañeiro ten algún problema e o pasa mal.
3. Actuamos antes de que un pequeno conflito se converta nun gran conflito.
4. Cremos que nun conflito todo o mundo pode e debe saír gañando.
5. Voluntaria: para o mediador/a e os compañeiros/as.
6. Confidencial: Todo o que pasa na mediación é segredo para o mediador/a.
7. Neutral: Nunca tomamos partido por ninguén.

O **procedemento** da mediación a seguir é o seguinte:

- Intervención:
 - Cando o solicita un compañeiro/a ou mestre/a.
 - Cando ven unha discusión entre compañeiros/as.
 - Cando son coñecedores de que un compañeiro/a se leva mal con outro/a.
- Proceso:
 1. Os mediadores/as falan con cada parte por separado. Nunca poñer aos implicados no conflito en contacto ata que se calmen.
 2. Reunión dos implicados/as. Aclaran primeiro as regras: non se fará reunión se non respectan as quendas de palabra, ou se vai a haber

insultos ou berros. Tamén se recorda que o mediador/a é neutral e que o que se diga alí é segredo, confidencial. Cada neno/a debe falar directamente ao mediador/a.

3. Expresión do problema por parte. O papel dos mediadores/as será escoitar e facilitar que os implicados se expresen con claridade e corrección. Cada parte se dirixe directamente ao mediador/a gardando a súa quenda de palabra e explicando o seu punto de vista.

4. O mediador/a aclara o problema. Nunca toman partido por ninguén. Simplemente aclaran o que dixo cada un ata que os dous recoñezan o problema. Para eso o mediador/a repite as versións dos dous e busca o punto común do problema.

5. O mediador/ra pregunta como se sentiron. Ser capaces de poñerse na pel do outro/a.

6. Tratamento do problema. Pídenlle que ofrezan solucións nas que gañen os dous. Buscan o acordo entre eles sen que perda ningún. Escribimos os acordos aos que se chegue. Os nenos/as se comprometen a cumprilos. Para demostrar o acordo o compromiso danse un apretón de mans, un abrazo, un bico....como símbolo de final do proceso.

- Funcionamento

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que voluntariamente queira formar parte do equipo de Mediación do centro, será formado no primeiro trimestre do curso. A persoa encargada da formación, selección, posta en funcionamento e supervisión do Servizo de Mediación é a orientadora.

Ao final do curso de mediación a orientadora seleccionará a 12 alumnos/as, que pasarán a formar parte do equipo de Mediación do centro. Para a selección do mesmo, axudarase dun cuestionario/enquisa onde se recollerán as preferencias do alumnado, así como das opinións dos equipos docentes deses cursos.

Cada recreo haberá no patio unha parella de mediación, que serán recoñecibles por un chaleco que levarán posto. As parellas estarán compostas por un alumno/a de 5º e outro/a de 6º. Ademais haberá unha parella de reserva.

Cronograma:

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PARTICIPANTES
Charla presentación do Servizo de Mediación Escolar a todo o alumnado de 5º e 6º de primaria.	Setembro	Orientadora Todo alumnado de 5º e 6º
Formación básica en Mediación	Setembro	Orientadora Todo alumnado de 5º e 6º
Presentación de alumnado voluntario	Setembro	Orientadora Alumnado voluntario de 5º e 6º
Curso de Formación en Mediación	Setembro-Outubro	Orientadora Alumnado voluntario de 5º e 6º
Cuestionario para selección do equipo de Mediación	Setembro-Outubro	Orientadora Equipos docentes de 5º e 6º Alumnado voluntario de 5º e 6º
Selección do equipo de Mediación	Outubro	Orientadora
Elaboración quendas de Mediación	Outubro	Orientadora
Charla Mediación para o profesorado	Outubro	Orientadora Claustro
Presentación equipo de Mediación a todas as aulas da etapa de primaria	Outubro	Orientadora Equipo de Mediación

Funcionamento Mediación	Servizo	Outubro-Xuño	Equipo de Mediación
Supervisión equipo Mediación		Outubro-Xuño	Orientadora Claustro

➤ **Aula de convivencia inclusiva**

A Aula de Convivencia Inclusiva ten a finalidade de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa atendido na aula de convivencia inclusiva, unha vez informados os pais, nais ou titores/as.

Os criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta serán os seguintes:

- O profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva será o profesorado de garda, que supervisará as medidas e actuacións propostas para o alumnado. Poderase contar coa colaboración do Departamento de Orientación.
- A aula de convivencia inclusiva acollerá alumnado que cometese algunha das faltas tipificadas como graves ou moi graves, previa autorización da dirección. **En ningún caso se utilizará como aula de castigo ordinaria.**
- O Departamento de Orientación planificará as **actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión** por parte do alumnado atendido nesta aula, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- A aula inclusiva **localizarase na aula de PT**. O horario de utilización rexerese polos horarios lectivos establecidos para o

Centro, e poderá utilizarse calquera material existente na mesma.

ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

Para o desenvolvemento das mesmas terase en conta o [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar](#) publicado na Plataforma de EDUCONVIVES da Consellería. Seguindo este, entenderase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. Os [criterios para identificar unha situación](#) de acoso basearanse: na existencia de intención de facer dano, a repetición das condutas agresivas e a súa duración no tempo.

Os tipos de acoso poderanse clasificar en:

- [Exclusión e marxinación social](#): non deixar participar, ignorar.
- [Agresión verbal](#): insultar, poñer alcumes ofensivos, falar mal de alguén ás súas costas.
- [Agresión física](#): pegar, agachar cousas, romper cousas, roubar cousas.
- [Maltrato](#): ameazar para meter medo, ameazar con armas, obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe), acoso sexual físico (actos), acoso sexual verbal (comentarios).

Para erradicar as situacións de acoso escolar, seguiremos as seguintes pautas:

- Interviremos ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
- Traballarase a amizade e a integración como prevención.
- Evitaremos a existencia de tres papeis: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

Así, seguindo dito protocolo, actuarase tendo en contas as seguintes **fases**:

Fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación:

- Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecementos ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno/a, ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, que lle trasladará a información ao director, coidando confidencialidade. Así, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do [anexo I](#) recollido nas NOFC. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.
- De seguido, o director establecerá as medidas oportunas de protección á presunta vítima. Podéndose adoptar as seguintes medidas:
 - Vixilancia específica das persoas indicadas.
 - Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
 - Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
 - Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Así, o director, [designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima](#) entre o profesorado do propio centro (cubriendo o [anexo II](#) recollido nas NOFC). Procurárase que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde una relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2. c) da Lei 4/2011. No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.
- A dirección, poñerá a situación en coñecemento das familias do

alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos [anexos III e IV](#) recollidos nas NOFC. Informaranse da situación e dos feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

- A dirección do centro, [nomeará unha persoa responsable das averiguacións previas \(anexo V](#) recollido nas NOFC), e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa a: os supostos feitos e os trámites realizados pola dirección do centro ata ese momento, a copia das partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecte/n ao alumnado implicado, os datos de absentismo escolar e o informe dos titores deste alumnado. Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Ademais, consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas). Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.
- De considerarse necesario e oportuno, [poderá requirir a colaboración doutras instancias externas](#) ao centro (sociais,

sanitarias, xudiciais...), sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso (anexo VI recollido nas NOFC). De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

Fase segunda: recollida de información e rexistro:

- A información debe recollese de xeito discreto (anexo VII recollido nas NOFC), por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco, entrevistas individuais con citas previas ao alumno/a presuntamente acosado, alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros e, se é preciso, persoas relacionadas co centro, recollendo a seguinte información: datos identificativos do centro e alumnado afectado, persoa que recolle a demanda, persoa que comunica a situación, recollida inicial de datos sobre o tipo de gravidade do acoso denunciado, lugares onde se produce o acoso (aínda que se producise fóra das instalacións do centro) e feitos observados.
- Farase una entrevista individual á presunta vítima co obxectivo de dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno/a entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto. Como é posible que lle custe falar do tema, deberá repetirse ata que o alumno/a se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

- Realizarase unha entrevista individual á/s persoa/as posible/s responsable/s do acoso (anexo IX recollido nas NOFC), co obxectivo de recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as.
- Realizarase unha entrevista ás persoas observadoras/espectadoras (anexo X recollido nas NOFC), co obxectivo de recoller información das persoas que poden coñecer os feitos aínda que non participasen activamente nos mesmos. Así, poderase contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.
- Realizarase unha entrevista ás familias, citando tanto ás familias da persoa acosada coma a da/s posible/s persoa/s acosadora/s (anexo XI e anexo XII recollidos nas NOFC), co obxectivo de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, sabendo se son coñecidos polos pais/nais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto. É necesario informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema.
 - Entrevista coa familia da posible vítima: necesaria para tranquilizala e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas, se é o caso, para a súa protección.
 - Entrevista coa familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s: necesaria para tranquilizar á familia e para

que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo o filla, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

- Nos anexos XI e XII, recóllense una serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento destas entrevistas.
- **Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo XIII recollido nas NOFC).**
 - **Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV recollido nas NOFC).** O director, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa. Así mesmo, poderase trasladar información e consulta a axentes externos como: a policía local, a Axencia Española de Protección de Datos, as Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional, etc.

Fase terceira: análise da información e adopción de medidas.

- Unha vez recada a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei anterior, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento. Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, o director do centro notificarallo: ás familias do alumnado, ao servizo de Inspección Educativa e ao mestre/a titor/a do alumno/a implicado/a. Así mesmo, cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais, etc.).

- **Adopción de medidas educativas.** Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.
 - **Medidas de protección á presunta vítima,** algunhas das medidas podería ser:
 - Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
 - Solicitud de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
 - Assignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o precise.

- Reorganización do horario do profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
 - Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
 - Titoría individual e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección e técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima.
 - Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar á posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saías, corredores, etc.).
 - Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s.
 - Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
 - Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.
- Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s, como:
 - A elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
 - Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
 - Formación de equipos de mediadores.
 - Formación específica sobre as consecuencias da

conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.

- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro, coñecendo as emoción da vítima, amosando empatía cognitiva, compadecéndose e amosando ao mesmo tempo empatía emocional (sentir cos demais).
 - Programas de modificación de conduta, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de conflitos con solucións alternativas á agresión...
 - Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
 - Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.
- Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s. Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.
 - Outras medidas (anexo XVI):
 - Co grupo clase e co alumnado espectador/observador:
 - Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros/as, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
 - Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a

inxustiza e o ser acusón.

- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.
- Coas familias:
 - Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
 - Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
 - Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado.
 - Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e fillas e un desenvolvemento harmónico da personalidade.
 - Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia de disciplina e ensinanza de límites, prevención de sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
 - Fortalecer a implicación da familia na vida escolar.
- Co equipo docente:
 - Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.

- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Apoiar e facilitar a labor do mestre/a titor/a.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar a labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

➤ ***Fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas (anexo XVI recollidos nas NOFC).***

- A dirección do centro, ou persoa na que delegue, realizará un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso. Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas.
- Programaranse encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conducta.
- A dirección responsabilizarase de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporalización prevista.

PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR.

Segundo o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade autónoma en materia de convivencia escolar, dispónse que o alumnado deberá asistir con puntualidade e co material preciso.

É por iso, que para intentar evitar o absentismo seguirase unhas das funcións establecidas no artigo 81 do Decreto 374/1996, de 17 de outubro, pola que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria: “d) coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a” e “v) controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as, e ter informados aos pais/nais e a xefa de estudos.

Desta forma, tal e como se recolle no artigo 22 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de educación, o absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do 10 % do horario lectivo mensual. Polo que os titores/as deberán controlar todas as faltas de asistencia do alumnado, as cales subirán ao programa XADE acompañando o número de sesións que faltaron, reflexando se son xustificadas ou non.

Así teranse en conta os seguintes aspectos:

- Con carácter xeral, **teñen a consideración de xustificables** as seguintes faltas de asistencia:
 - Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
 - Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
 - Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares.
 - Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
 - Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

- No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso deberá garantirse o dereito á escolarización do alumno/a.
- O centro realizará as seguintes actuacións como **medidas preventivas** dunha situación de absentismo escolar:
 - Facilitar a presenza das familias no centro a través de actividades que impliquen ás familias e de reunións individualizadas cos titores.
 - Informar sobre as causas e consecuencias do absentismo nas reunións grupais ao inicio de cada curso escolar.
 - Establecer no programa de acollida actuacións específicas para o alumnado e familias de nova incorporación.
- No caso de faltas de asistencia non contempladas no apartado anterior, o titor/a deberá comunicar aos pais/nais ou titores/as legais do alumno/a todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas. Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas de sen xustificar, convocarase aos pais/nais ou titores legais do alumno/a a unha reunión (**anexo XVII** recollido nas NOFC) coa finalidade de analizar a situación que se está a producir e tratar de corrixila, evitando así que se produza a apertura do expediente de absentismo. Desta reunión levantarase acta (**anexo XVIII** recollido nas NOFC).
- Cando as faltas superen o 10% sen xustificar, terase como data límite ata os 7 días naturais dende que se superase o 10 % sen xustificar, para iniciar o expediente de absentismo (**anexo XIX** recollido nas NOFC) co visto bo do director, avisando á xefatura de estudos quen recollerá todas as actuacións e medidas levadas a cabo mediante o **anexo XX** recollido nas NOFC (data de intervención, motivo de intervención, forma de contacto, persoa do centro que realizou a intervención e conclusións da

intervención ou resposta da familia).

- A continuación o tutor/a terá unha reunión coa familia (anexo XXI recollido nas NOFC), para analizar e resolver a situación. Levantarase acta da reunión mediante o anexo XXII recollidos no Plan . Si se resolve a situación arquívase o expediente, se non avisarase a xefa de estudos.
- Non caso de non resolverse a situación, a xefatura de estudos convocará aos titores legais do alumno/a a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución (anexo XXIII recollido nas NOFC) e do falado levantarase acta mediante o anexo XXIV recollidos nas NOFC. Si se reconduce a situación, parálizase o proceso arquivando o expediente.
- A xefatura de estudos, cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo (anexo XXV recollido nas NOFC), indicando polo menos:
 - Data nas que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o 10% do horario lectivo mensual.
 - Data de apertura do expediente de absentismo dentro dos 7 días naturais seguintes á superación do porcentaxe indicado no apartado anterior.
 - No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas de ese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.
- De non se producir o arquivo de expediente nalguna das situacións anteriores, a dirección do centro educativo notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Concello de residencia do alumno (anexo XXVI recollidos nas NOFC), xunto co listado de faltas de asistencia á clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nos que se levaron a cabo. Esta notificación producirase no prazo de 30 días naturais dende o inicio do expediente.

PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a

discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, a [Lei 2/2014](#), inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Para tratar esta temática é preciso ter en conta coñecer os seguinte termos de interese:

- **Expresión de xénero:** formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.
- **Identidade de xénero:** é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.
- **Identidade rexistral:** é a que se fai no momento do nacemento.
- **Transexualidade:** é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.
- **Cissexualidade:** é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.
- **Orientación sexual:** é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

É importante destacar que a condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente.

É, polo tanto, un fenómeno biolóxico innato, dado que o cerebro é un órgano sexuado cuxo criterio prima sobre todos os demais órganos, mesmo os sexuais e reprodutivos. A identidade de xénero tamén reside no cerebro, formándose arredor dos 3-4 anos de idade. Unha vez determinada é irreversible e invariable.

Así é importante comprender que unha manifestación dun alumno/a de

desconformidade coa súa identidade de xénero pode supoñer, en determinados casos, unha situación de especial vulnerabilidade e chegar a provocar problemas como o rexeitamento social ou mesmo acoso por parte dos compañeiros e compañeiras, que incide nas experiencias educativas.

Estas situacións poden desembocar en abandono escolar temperán ou en non acadar os obxectivos e resultados de aprendizaxe correspondentes. Así, é aconsellable xerar actuacións que permitan o seu desenvolvemento integral no ámbito educativo, para evitar posibles situacións de rexeitamento ou discriminación, polo que se terán en conta as seguintes **medidas e actuacións**:

- **Comunicacións aos centros:** cando un alumno/a, ou os seus titores legais manifeste mediante comunicación escrita ao centro unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Os servizos de saúde, poderán remitir ao colexio aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

- **O departamento de orientación que reciba a información** dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada no nacemento, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:
 - A comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso.
 - Aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu

dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.

Así mesmo realizará, co consentimento da familia nos casos pertinentes, o proceso de avaliación psicopedagóxica mediante o cal poderán detectar as posibles necesidades educativas, que plasmará no correspondente informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas (dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa á que pertence) de acordo coa normativa en atención á diversidade, ao plan de convivencia do centro e ás orientacións nesta materia.

Cando un/unha alumno/a menor de idade e non emancipado/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle ao dito alumno/a o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais) así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.

Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten claramente indicadores de maltrato cara a identidade de xénero do/a menor, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro (plan de convivencia e normas de organización e funcionamento).

Sen prexuízo da aplicación inmediata das medidas anteriores, o orientador/a do colexio, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a información e formación dirixidas á comunidade educativa coa finalidade de que o/a menor poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual.

➤ **Establecemento das medidas de atención ás necesidades do/a menor:**

Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a,

manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose a disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagógico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e cos seus representantes legais, se os tivese, coa xefatura do departamento de orientación e co/coa titor/a do alumno ou da alumna. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen.

Se algún dos representantes legais do menor se opuxese á adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

- Unha vez establecidas estas medidas, daráselles traslado das mesmas do seguinte xeito:
 - A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
 - En reunión de claustro comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten ao total de docentes do centro.
 - A secretaría do centro, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.
- **Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio:**

- De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.
- Garantirase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio.
- Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade e honra do estudiantado e de todos os membros da comunidade educativa.
- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto o relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme ao sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevir, estarase ao acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna.

➤ **Medidas para a información e formación da comunidade educativa.**

Realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa. Ademais recomendarase:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
 - Realizar actuacións formativas dirixidas ao equipo directivo, ou orientador/a, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual.
 - Fomentar a dispoñibilidade na biblioteca do colexio dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade
- **Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero:**
- No caso de detectarse violencia de xénero ou maltrato ao un menor transexual, actuarase seguindo o protocolo de acoso escolar.
 - Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitivamente, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás conductas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno/a, por identidade de xénero dentro do colexio, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do colexio.
- Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno/a, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do/a menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA.

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no [fomento da igualdade entre homes e mulleres](#). Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da [violencia de xénero](#) e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Dada a importancia manifesta nos apartados anteriores, e paralelamente é necesario e imprescindible elaborar un plan específico de igualdade no colexio co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e

equipo de orientación. Este plan estruturase en 6 obxectivos principais que se sinalan a continuación:

- 1. Afondarase no modelo de coeducación e introducirase a perspectiva de xénero nas dinámicas do centro
- 2. Fomentarase dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, dende a liberdade e diversidade de opcións.
- 3. Integrarase a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantírase que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística, ...).
- 4. Educarase dende a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- 5. Traballarase as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- 6. Abordarase a detección precoz e resposta eficaz e sistemática á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.
- Estes traballaranse, entre moitas outras, a través das seguintes medidas:
 - Comprar material bibliográfico para a biblioteca.
 - Preparar material didáctico para traballar nas aulas de forma transversal.
 - Identificar e difundir as boas prácticas para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
 - Configurar e xestionar maletas viaxeiras para a ensinanza sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e

educación afectiva e sexual.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO.

É importante ter en conta que unha conducta suicida constitúe un **problema complexo, multicausal e multifactorial**. Pode entenderse como unha solución radical ao **sufrimento psicolóxico** intolerable. A persoa vese superada nos seus recursos e na súa capacidade de afrontamento, e non ve ningunha saída. As persoas con ideación suicida vense dominadas por dous pensamentos distorsionados que viven como reais: a desesperanza porque sempre van seguir sufrindo igual, e a crenza de que a súa persoa será fácil de superar para os seus familiares e seres queridos xa que vivían mellor sen eles.

Así, o modelo de abordaxe de risco suicida no ámbito educativo ten como obxectivo a prevención no marco dunha escola saudable, a detección precoz e a intervención diante das condutas suicidas dende unha perspectiva interdisciplinaria. Este modelo de actuación desenvolverase nos tres niveis de orientación educativa: a **titoría**, coordinando a detección dos factores de protección e de risco; o **Departamento de Orientación**, realizando a avaliación psicopedagóxica en contacto cos servizos sociosanitarios e solicitando a colaboración do **Equipo de Orientación Específico**, si se estima necesario, sempre en coordinación co director e coa Inspección Educativa.

Así, as estratexias de prevención no ámbito educativo desenvolveranse de xeito coordinado entre o profesorado, alumnado, equipo directivo, familias e servizos de orientación e asesoramento da Administración Educativa.

➤ **Actuacións do profesorado. Avaliación dos factores de risco:**

- Favoreceranse o coñecemento dos factores de risco que permitiranos estar en disposición de detectalos e actuar en consecuencia. Dende o ámbito educativo debemos observar con seriedade calquera cambio repentino que lle afecte ao rendemento escolar, á asistencia ao centro escolar ou ao seu comportamento co profesorado coma co alumnado, ademais

dos seguintes trazos:

▪ **Individuais:**

- Antecedentes/presenza de trastornos mentais.
- Intentos previos de suicidio.
- Desesperanza e sufrimento psíquico.
- Presenza de ideación suicida.
- Enfermidade física, cronicidade, dor ou discapacidade.
- Historia de maltrato físico e/ou abuso sexual.
- Dificultades na identidade ou orientación sexual.
- Acoso escolar.
- Perda de figuras significativas.
- Fácil acceso a medicamentos, tóxicos ou armas.
- Descenso xeneralizado nas avaliacións, no esforzo e no interese.
- Condutas disruptivas e problemas significativos de relación.
- Ausencias ao centro inexplicables, repetidas e sen permiso.
- Consumo excesivo de tabaco, alcohol ou doutras substancias.
- Cambios no comportamento na casa e/ou escolar, variación nos hábitos alimenticios, cambios nos hábitos de soño, cambio de carácter e ánimo.
- Trastornos de control de impulsos, rixidez mental, baixa tolerancia á frustración e trazos moi manipuladores.

▪ **Familiares e contextuais:**

- Historia familiar de suicidio.

- Ausencia de apoio sociofamiliar.
 - Presenza de eventos vitais estresantes.
 - Antecedentes de suicidio no contorno.
 - Presenza de enfermidade mental nos proxenitores.
 - Exposición ao efecto contaxio.
 - Clima emocional caótico na familia.
 - Dificultades socioeconómicas graves.
- Así, consideraremos que nos atoparemos diante dunha **situación de risco** cando:
 - Se teña constancia de comportamentos autolíticos no pasado.
 - Se observen no curso actual factores de risco relevantes e soporte inadecuado de factores protectores.
 - A familia comunique ao centro a súa propia percepción de que existe risco.
 - As persoas do contorno próximo ao/á alumno/a comuniquen a súa percepción da existencia de risco ao/á docente titor/a, amigos/as.
 - Cando os servizos de saúde mental ou servizos sociais informen ao/á orientador/a, director, ou ao EOE dunha situación de risco.
 - Os grupos de **maior risco** serán:
 - Alumnos/as con trastorno psiquiátrico (depresión, abuso de sustancias...).
 - Alumnos/as que realizaron un intento de suicidio previo.
 - Alumnos/as que perderon a un ser querido por suicidio.

➤ As **actuacións do equipo docente** basearanse en:

- Crear un clima de convivencia positiva na aula e no centro, favorecendo o benestar e o desenvolvemento integral do alumnado.
- Transmitir a través do estilo educativo valores como a autoestima, empatía, solidariedade, expectativas positivas cara o alumnado e paixón por compartir o coñecemento.
- Adaptar o currículo á diversidade do alumnado para favorecer o éxito escolar
- Organizar titorías cos alumnos/as, para consensuar normas de convivencia, fomentar competencias emocionais, favorecer a expresión dos sentimentos e emocións, aprender a tomar decisións eficaces e solucionar problemas, traballar en equipo, aumentar a tolerancia á frustración, reducir o estigma social asociado á conducta suicida.
- Realizar entrevistas afectivas e con empatía nas titorías individuais coas familias e co alumnado, analizando os factores protectores de risco.
- Fomentar o traballo de titorías entre iguais para crear redes de apoio entre eles/as.
- Abordar a educación para a saúde e a educación emocional, incluída no currículo das diferentes áreas como contido transversal.
- Fortalecer a autoestima do alumnado, utilizando estratexias como o reforzo positivo.
- Facer prevención da intimidación ou violencia no centro educativo, aplicando as estratexias de tolerancia cero co acoso e ciberacoso.
- Desenvolver as medidas necesarias de atención á diversidade de carácter ordinario e extraordinario.
- Recibir e xestionar as comunicacións do profesorado sobre calquera incidencia ou observación que se considere relevante relacionada co benestar e factores de risco do alumnado.

➤ **Actuacións do equipo directivo:**

- Dinamizar a inclusión deste protocolo neste Plan de Convivencia.
- Xestionar o centro, favorecendo a participación e colaboración de toda a comunidade educativa.
- Nomear a un mestre/a de referencia, con empatía co alumno/a, que poida actuar de apoio e mediador entre o alumno/a e o profesorado, alumnado e familia, en coordinación co orientador/a e equipo directivo.
- Favorecer a coordinación do profesorado no ámbito da titoría, departamento de orientación e cos profesionais de apoio externo como servizos sociosanitarios.
- Aplicar de forma eficaz, diante de sospeita de posible acoso escolar o “Protocolo de prevención e intervención de acoso e ciberacoso” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

➤ **Actuacións do alumnado:**

- Buscar apoio entre o profesorado de referencia, que poida ser de axuda para o/a alumno/a en risco.
- Comunicar de forma rápida e confidencial ao profesorado de referencia de calquera sinal de alarma que poida considerarse factor de risco noutro compañeiro.
- Participar na rede de apoio de axuda mutua entre iguais, tanto para recibir axuda como para axudar, sempre co asesoramento dun/ha docente.

➤ **Actuacións das familias:**

- Colaborar co centro educativo, especialmente co profesor titor/a e orientadora, para favorecer a comunicación e intervención conxunta.
- Utilizar un estilo educativo familiar asertivo, que integre normas, diálogo e autonomía.
- Manter unha actitude de comunicación cara ás inquiredanzas e dificultades dos seus fillos/as.
- Comunicar ao profesor titor/a, orientador/a ou equipo

directivo calquera situación que poidan considerar de risco para o seu fillo/a.

- Actuar de coordinadora e canle de transmisión da información dos profesionais de educación, sanidade e servizos sociais que realizan a intervención.
- No caso de darse unha conduta suicida consumada, as persoas de referencia que teñen que actuar de forma rápida, profesional e delicada, seguen sendo as mesmas, e actuarán tendo en conta as actuacións plasmadas no protocolo exposto na Plataforma EDUCONVIVES da Consellería de Educación.

PROTOCOLO DE ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA.

O obxecto deste protocolo será facilitar a atención educativa do alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por lesión, doenza prolongada ou enfermidade crónica sempre a criterio do médico. Neste protocolo determínanse os procesos de solicitude, tramitación, elaboración, coordinación e seguimento do programa individualizado, e a participación e apoio das familias. Así que para aterse ao mesmo seguirase todo o establecido en dito protocolo, ubicado este na plataforma EDUCONVIVES da Consellería de Educación.

ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Potenciarase a realización de **Proxectos de Innovación e Investigación Educativa** relacionados coa mellora da convivencia escolar, e se divulgarán aqueles que sexan considerados de interese para os centros.

Ao mesmo tempo, se promoverá que o centro dispoña de **materiais e recursos didácticos** que lle permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Neste apartado, establécense tanto os dereitos como os deberes que lle corresponde a cada un dos integrantes da nosa comunidade educativa:

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores legais.

- *As nais e pais ou as titoras ou titores teñen dereito a:*
 - a) Ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b) Estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as ou pupilos/as.
 - c) Recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no Centro.
 - d) Ser oídos, nos termos previstos pola [Lei 4/2011](#), nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/fillas ou pupilos/as.
 - e) Participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
 - f) Matricular ao seu fillo/a de acordo coas normas correspondentes que diten as autoridades.
 - g) Participar activamente nas actividades de Centro.
 - h) Ser escoitados en caso de sanción de disciplina dos seus fillos ou titorandos, referentes ás faltas graves ou moi graves.

- *As nais e pais ou as titoras ou titores legais teñen os seguintes deberes básicos:*
 - i) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co Centro.
 - j) Coñecer as normas establecidas polo Centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do

profesorado no exercicio das súas competencias.

- k) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- l) Colaborar co Centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- m) Proporcionar ao seu fillo/a o material axeitado cara o seu perfecto desenvolvemento na clase e no Centro.
- n) Mandar os seus fillos debidamente aseados e alimentados ao Colexio.
- o) Comunicar ao Centro as razóns polas que o seu fillo/filla falta, máxime cando a falta supera unha xornada educativa, e avisarán da ausencia a 1ª hora da mañá.
- p) Informar ao profesorado sobre as enfermidades e posibles deficiencias psíquicas ou físicas que poidan padecer os nenos/a.
- q) Acudir o máis axiña posible ao Centro, de ser requirido polo titor/a ou outro mestre/a. Non entrar nas dependencias onde se imparten as clases. Non entrar nas aulas tanto en horario lectivo como no horario non lectivo. No caso de ser preciso, avisarase ao conserxe e na súa falta, ao profesorado de garda, o a algún membro do equipo directivo quen resolverá á a situación ou sopesará a conveniencia ou non dunha posible excepción.
- r) Non mandar os seus fillos/as ao Colexio se presentaran síntomas de estar doentes, para evitar calquera contaxio que puidera producirse.
- s) Dirixirse aos profesores ou membros do equipo directivo, con respecto e moderación, cando teñan que falar ou facer calquera denuncia ou pedir explicación sobre algún feito.
- t) Interesarse e proporcionar o tempo e condicións necesarias aos alumnos para a realización das tarefas escolares.
- u) Recoller aos seus fillos dentro do recinto escolar ao remate da xornada, con puntualidade, sempre que estes non empreguen o transporte escolar.

- v) En horario non lectivo, se un alumno ou alumna ten que acceder á aula, igualmente avisará ao conserxe ou ao profesorado de garda.

Dereitos e deberes do alumnado.

- o Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos:
 - a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
 - e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
 - f) A ser admitidos neste centro sempre que se cumpran os requisitos regulamentarios.
 - g) A que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade.
 - h) A ter unhas dependencias e un material axeitado as súas necesidades.
 - i) A ter unha orientación educativa e profesional, respecto das súas características persoais.

- o Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:
 - a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á

educación.

- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do Centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do Centro.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do Colexio.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do Centro.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- i) Presentar xustificación das faltas de asistencia á clase ao mestre/a titor/a.
- j) Abonar os danos ou avarías que sexan producidas malintencionadamente ou por imprudencia.
- k) Manter o patio e o recinto escolar limpo: usar as papeleiras.
- l) Respetar as vallas, as plantas e as árbores do recinto escolar.
- m) Nas paradas do transporte escolar, o alumnado deberá esperar a que este pare, antes de empezar a subir ou baixar. Así mesmo, cando a espera polo transporte sexa no Centro, o alumnado non deberá saír do recinto se o autobús non chegou, deberá esperar na súa fila xunto co resto dos compañeiros/as que empregan o transporte escolar, ata que o mestre/a de garda os acompañe ata os autobuses. O alumnado que non utilice o transporte escolar deberá esperar dentro do recinto ata ser recollido polo pai, nai ou titor legal.
- n) Non agredir moral e fisicamente a ningún membro da comunidade escolar.

- o) Respetar o exercicio do estudio dos seus compañeiros.

Dereitos e deberes do profesorado

- o Ao profesorado recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
 - d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
 - e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
 - f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
 - g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
 - h) A participar activamente na xestión do Centro, segundo o cargo que ocupe e as responsabilidades que deba asumir.
 - i) A asistir ás reunións de Claustro con tódolos dereitos, salvo disposición legal en contra.
 - j) A dispoñer do material axeitado, segundo o permitan as condicións e as posibilidades do Centro.
 - k) A ser informado polo Equipo Directivo de calquera asunto que lle afecte directamente, ben no seu labor como educador ben como compañeiro/a.

- O profesorado ten os seguintes **deberes** básicos:
 - a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
 - c) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores legais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as ou pupilos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para estes casos.
 - d) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
 - e) Participar na organización do Centro, a través dos órganos correspondentes.
 - f) Asistir puntualmente ás clases, así como a todas as reunións para as que sexa convocado e estea obrigado a asistir.
 - g) Programar e organizar o tempo e o seu traballo escolar de forma axeitada.
 - h) Gardar secreto rigoroso sobre os asuntos tratados nos Claustros e nos Consellos Escolares, se forma parte do mesmo, diante de persoas alleas ao Centro.
 - i) Respetar a integridade física e psíquica do alumnado.
 - j) Fixar os obxectivos e programar as actividades do Centro así como fixar criterios de recuperación e avaliación dentro do nivel, Departamento e Claustro.
 - k) Elevar propostas ao Equipo Directivo para a Programación Xeral do Centro e a memoria do curso, e informar sobre as mesmas previamente á súa presentación e aprobación no Consello Escolar.
 - l) Responsabilizarse do grupo de alumnos que teñan ao seu cargo.
 - m) Resolver calquera problema de disciplina que se lle plante co

seu alumnado. Se a situación fose grave, intervirá a Xefatura de estudos ou a Dirección aos que se informará.

- n) O profesorado non expulsará ao alumnado da aula, agás en casos excepcionais, comunicándollo ao profesor/a titor e á Xefatura de estudos no caso de ter que facelo, permanecendo o alumno/a nestes casos baixo a vixilancia do profesor/a que se atope de garda.
- o) Cumprir os prazos para a presentación de Programacións, memorias e demais documentación solicitada polo Equipo directivo ou, de ser o caso, pola Administración.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

- o Ao persoal de administración e de servizos recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 - e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

- o Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:
 - a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

- c) Informar aos responsables do Centro e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

ESTABLECEMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.

Para abordar este punto tan importante seguiranse os seguintes [artigos do Decreto 8/2015](#):

➤ **Artigo 33. Clases de conductas contrarias á convivencia:**

Segundo o art.33 as conductas contrarias á convivencia clasifícanse en : [conductas gravemente prexudiciais para a convivencia e conductas leves contrarias á convivencia](#).

Segundo esta mesma liña e atendendo ao establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, considerarase acoso escolar calquera forma de vexación ou maltrato continuados no tempo dun alumno o alumna por outro ou outra ou outros/as, xa sexa de carácter verbal, físico o psicológico, incluído o illamento o baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as conductas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conducta gravemente prexudicial para a convivencia, de acordo co establecido no artigo 38 deste decreto.

➤ **Artigo 35 . Reparación de danos causados:**

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo

do coste económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, si non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais, pais ou titores/as legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando as agresións sexan físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conducta

➤ **Artigo 36. Ámbito de corrección:**

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

➤ **Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:**

Tendo en conta o artigo 38 son **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes :

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou

social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito a honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de tres condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

➤ **Artigo 39. Medidas correctoras das conductas gravemente prexudiciais:**

Seguindo o artigo 39 as conductas gravemente prexudiciais para a

convivencia nos centros docentes citadas con anterioridade poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a)** Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b)** Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c)** Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- d)** Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e)** Cambio de centro.

Cabe resaltar que aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan coma orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable por as súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as xa mencionadas como d) e e):

- d)** Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e)** Cambio de centro.

➤ **Artigo 40. A proposta de cambio de centro:**

Seguindo o artigo 40 a medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

A proposta de cambio de centro poderá supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

A dirección deberá comprobar que se compren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo e, despois da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, aportándolle o expediente de dito procedemento corrector.

A xefa ou o xefe territorial correspondente, despois de analizar o caso autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

➤ **Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras:**

Tendo en conta o artigo 41 do Decreto 8/2015, establécese que a dirección do centro, a proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39.

Así mesmo si a dirección constata que se produce un cambio positivo de actitude e conducta poderá readmitir nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión a un alumno/a, para o que consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conducta.

➤ **Artigo 42. Conductas leves contrarias á convivencia:**

Segundo o artigo 42 do Decreto 8/2015 son conductas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a)** As conductas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa ,os actos de discriminación os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais que non acaden a gravidade requirida no dito precepto.
- b)** Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conducta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c)** A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d)** A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipo precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e)** As demais conductas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente, formando parte destas:
 - O incumprimento das normas establecidas para o centro en xeral.
 - O incumprimento das normas establecidas en cada aula en particular.
 - As faltas de respecto cara ao profesorado: emprego dun vocabulario inaxeitado cando o alumnado se dirixe ao profesorado (palabras ofensivas, vocabulario sexista, palabras malsonantes, berros); linguaxe non-verbal ofensiva (xestos, expresións faciais, posturais); risos descontextualizados; interrupcións nas explicacións, falta de resposta positiva ou resposta nula a unha chamada de

atención por parte do profesorado (cambio de situación na aula, petición de silencio).

- Faltas de respecto cara aos demais alumnos: emprego dun vocabulario inaxeitado cando o alumnado se dirixe as compañeiras e compañeiros (palabras ofensivas, vocabulario sexista, palabras malsonantes, berros); linguaxe non-verbal ofensiva (xestos, expresións faciais, posturas); risos descontextualizados cando outro membro da clase está falando, interrupcións cando outro membro da clase está expoñendo algún tema; molestar a un compañeiro ou compañeira impedíndolle facer ou atender á tarefa que está a levar a cabo.
- Faltas de respecto cara ao persoal de servizos e demais membros da comunidade educativa: emprego dun vocabulario inaxeitado cando o alumnado se dirixe ao profesorado (palabras ofensivas, vocabulario sexista, palabras malsonantes, berros); linguaxe non-verbal ofensiva (xestos, expresións faciais); risos descontextualizados.

➤ **Artigo 43. Medidas correctoras:**

Tendo en conta o artigo 43, as condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas seguintes medidas correctoras:

- a)** Amoestación privada ou por escrito.
- b)** Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c)** Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d)** Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e)** Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas

semanas.

- f) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- g) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

➤ **Artigo 44. Responsables da aplicación das medidas correctoras:**

Tendo en conta o artigo 44 a imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levarana a cabo:

- O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe de estudos ou persoa que no caso das medidas previstas :
 - b) Amoestación privada ou por escrito.
 - c) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
 - d) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
 - e) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro
- A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa mestra ou mestre titora ou titor, no caso das medidas previstas nos apartados **a), c), d), e) e f)** do artigo 43 deste decreto.
 - a) Amoestación privada ou por escrito.
 - c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
 - d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro

- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. Neste caso o alumnado deberá asistir ao centro con normalidade realizando tarefas de compensación en relación co tema ou tarefa traballados na actividade extraescolar ou complementaria que o alumno/a no realiza.
- Cada mestre que aplique unha medida correctora dunha conducta leve contraria a convivencia, deberá cubrir o **anexo XXVII** e entregarllo a xefa de estudos.
- O director do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa mestra ou mestre ou titor/a legal, no caso das seguintes medidas, deberá comunicar da súa imposición á nai ou ao pai ou titor/a legal da alumna ou do alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro:
 - g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

➤ **Artigo 45. Solicitud de revisión e execución de medidas:**

As alumnas ou os alumnos aos que se lles apliquen as medidas correctoras de suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos ou suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos no seu caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/os poderán mostrar o seu desacordo no prazo de dous días lectivos, mediante escrito

dirixido á dirección do centro, que despois de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras ás que se refire o apartado 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, poñen fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

➤ **Aartigo 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para á convivencia do centro:**

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común (e compromiso de convivencia).

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia a corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai a seguir en cada caso, previa recollida da necesaria información.

Á dirección do centro informará ao profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foran corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, no seu caso.

➤ **Artigo 47. Determinación do procedemento corrector:**

A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian a ser corrixidos, si o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer

con máis exactitude as circunstancias concretas nas que se produciu a conducta que se vai a corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos.

A dirección do centro, asesorado, no seu caso, pola persoa que ostente a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno/a que se vai a corrixir, analizará e valorará a conducta producida tendo en conta de como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/do alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conducta da alumna ou do alumno puidera ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

➤ **Artigo 48. Inicio do procedemento corrector:**

No prazo de tres días lectivos, a contar desde que se tivo coñecemento da conducta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais de esta/e, e si compren os requisitos esixidos para

iso daráselles a posibilidade de corríxila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e dos seus deberes que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

Nos casos nos que se lles ofrecese ás persoas proxenitoras ou representantes legais a posibilidade de corrección da conducta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia a utilizar, a dirección do centro educativo designará a unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

➤ **Artigo 55. Compromiso educativo para a convivencia:**

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, incluso cando no haxa conciliación por no ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas si as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e firman un compromiso educativo para a convivencia.

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se comprometen as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte das persoas proxenitoras o representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

O centro colaborará con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para por en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar, en xeral.

Ademais disto, realizaranse polo menos unha **xuntanza anual dos equipos directivos do Concello de Vilanova de Arousa** para favorecer a posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar, celebrando xuntos o Día da Paz.

A dirección do centro favorecerá a coordinación dos equipos docentes e as familias a través das canles oficiais establecidas (CCP, Consello Escolar...) e todas aquelas que poidan ser de axuda para favorecer a convivencia escolar.

Así mesmo, colaborarase estreitamente coa ANPA do colexio, na celebración de festas, conmemoracións, obradoiros, organización das excursións de fin de etapa de educación primaria, etc.

ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de Convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da nosa comunidade educativa, a través de:

- Reunións grupais coas familias, sobre todo ao comezo do curso.
- Titorías.
- Difusión das NOFC a través da páxina web do centro.
- Folletos informativos ao comezo de cada curso escolar.

A Consellería con competencias en materia de educación tamén facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de **convivencia escolar**.

ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA DESENVOLVER O PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

As accións que se levarán a cabo serán as seguintes:

- a) Organización do centro
 - ✓ Realizar publicacións divulgativas co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
 - ✓ Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
 - ✓ Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
 - ✓ Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.
 - ✓ Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

- b) Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - ✓ Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
 - ✓ Facer un reparto igualitario do papel do home e da muller nos contidos que se van a traballar na aula.

- c) Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- ✓ Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- ✓ Realizar unha axeitada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco: recreos, entradas e saídas do centro,...
- ✓ Poñer en práctica talleres e actividades educativas baseados en roles de xénero.
- ✓ Crear un recuncho na biblioteca escolar para traballar o tema da muller e a súa presenza ao longo da historia.
- ✓ Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
- ✓ Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.
- ✓ Realización de traballos de indagación e reflexión sobre a igualdade na sociedade actual (análise de catálogos de xoguetes, anuncios publicitarios...)

d) Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- ✓ Desenvolvemento de actividades na aula que favorezan a adquisición de valores.
- ✓ Realización de obradoiros por parte das familias para traballar valores relacionados coa tolerancia, respecto...
- ✓ Difundir boas prácticas a través da actividade deportiva.
- ✓ Celebración das diferentes conmemoracións a nivel de centro (25 de novembro, 8 de marzo, 30 de xaneiro...)

MECANISMOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa, utilizando como

instrumento unha táboa onde se recollen os indicadores de logro para realizar a avaliación anual do plan de convivencia.

Criterio	Puntuación (0-10)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 - Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 - Alcance moi amplo: 10</i>		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 - Cumpríronse todos: 10</i>		
Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 – Renóvase anualmente: 10</i>		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolve ningunha:0Desenvolvéronse todas:10</i>		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 – Implicación total: 10</i>		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro. <i>Moi deficitario: 0 - Excelente: 10</i>		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia. <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta:10</i>		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia. <i>Non existen: 0 – Fixéronse un gran número: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas. <i>Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? <i>Non existen: 0 - Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 – Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia de procedementos conciliados de		

resolución de conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico. <i>Non existen: 0 – Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. <i>Non existe: 0 – Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro. <i>Moi negativa: 0 – Moi positiva: 10</i>		
PUNTUACIÓN TOTAL		

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente Memoria do Plan de Convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren oportunas.

O Consello Escolar en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a Memoria do Plan de Convivencia elaborada por esta e formará parte da Memoria Anual do centro.

ASPECTOS SALIENTABLES DO INFORME REALIZADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Como ven acontecendo nestes últimos anos, non foi preciso aplicar ningunha medida correctora, non obstante, continuaremos aplicando as medidas preventivas e de sensibilización que aparecen recollidas no Plan.

Cabe destacar, ademais, a formación dun equipo de mediadores de alumnado dos cursos superiores, implantado o curso anterior, baixo a supervisión da orientadora. Grazas a este equipo conseguiuase unha maior implicación por parte do alumnado e unha mellora na resolución pacífica.

CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Para concluír, dicir que a prevención é a mellor ferramenta na loita contra o acoso escolar nos centros, posto que pode evitar a súa aparición e porque dota aos centros de formación, sensibilización e coñecemento dos recursos dispoñibles para actuar de maneira inmediata co fin de corrixir e erradicar as situacións de acoso.

Tamén dicir que a coordinación de toda a comunidade educativa é fundamental, partindo dunha información compartida e do compromiso de todos os mestres/as. A escola é o medio socializador máis importante para os alumnos/as despois da súa familia, de aí a importancia de actuar de maneira comprometida, coherente e firme por parte do profesorado.